

RESOLUCIÓN REITORAL DE 8 DE FEBREIRO DE 2022 POLA QUE SE PROCEDE Á CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE DIVULGACIÓN 2022

A Área de Formación e Innovación Educativa ten como funcións principais a formación do profesorado da Universidade de Vigo en competencias docentes universitarias e a promoción da innovación educativa para mellorar a aprendizaxe do alumnado. A innovación educativa xestiónase a través dos Grupos de Innovación Docente (GID) e esta convocatoria busca apoiar aos GID a divulgar o seu traballo. Por este motivo,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar esta convocatoria na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) e no taboleiro de anuncios.

As solicitudes presentaranse a través do procedemento Convocatoria de axudas económicas para actividades formativas e de divulgación 2022 da Sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) desde o día seguinte da publicación desta convocatoria ata as 23.59 horas do día 18 de marzo de 2022.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado dixitalmente en Vigo

O reitor,

Por delegación RR 26/05/2020

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Manuel Ramos Cabrer



CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE DIVULGACIÓN 2022

BASES XERAIS

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto da convocatoria é apoiar economicamente as actividades formativas e de divulgación dos Grupos de Innovación Docente (GID). Os conceptos para solicitar a axuda serán os seguintes:

- > Concepto I: Xeración de recursos educativos abertos (REA) para a docencia. Sufragarase a elaboración de manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, aplicacións móbiles e software con finalidade docente.
- > Concepto II: Xeración de cursos de autoformación en liña. Estes cursos non precisarán de titorización.
- > Concepto III: Actividades de divulgación docente. Sufragarase o pagamento a persoas para impartir xornadas e conferencias.

Priorizaranse as seguintes temáticas a traballar:

- > Competencias da docencia universitaria: metodoloxías activas, métodos de avaliación, titorización, motivación...
- > Competencias transversais do alumnado.

II. REQUISITOS

As persoas coordinadoras dos Grupos de Innovación Docente (GID), activos no ano 2021, serán as que poderán solicitar as axudas. De non presentarse as suficientes solicitudes abrirase a convocatoria a propostas pertencentes a outros membros do PDI da Universidade de Vigo.

So se poderá solicitar unha axuda para un dos tres conceptos.

III. DOTACIÓN ORZAMENTARIA E PAGAMENTO

Os fondos destinados a esta convocatoria son como máximo de 12.000 € e irán con cargo da seguinte aplicación orzamentaria: 2022 00FP 121D 22.

A contía da convocatoria será dividida entre as solicitudes aprobadas e non superará en ningún caso os 600 € (con IVE incluído).

IV. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN COS PROVEDORES/AS

Os coordinadores/as dos GID presentarán os orzamentos á Área de Formación e Innovación Educativa en forma de facturas proforma e a área contratará os servizos/materiais cos provedores/as.



V. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os coordinadores/as dos GID presentarán o Formulario de solicitudes de axudas GID e as facturas proforma na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) a través do procedemento Convocatoria de axudas económicas para actividades formativas e de divulgación 2022.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación desta convocatoria ata ás 23:59 horas do 18 de marzo de 2022.

VI. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

As solicitudes serán revisadas e aprobadas pola Comisión de Estudos Propios da Universidade de Vigo. As contías solicitadas serán susceptibles de ser modificadas.

A Escola Aberta de Formación Permanente rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas, publicará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión no Taboleiro de anuncios.

As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da resolución provisional para emendar os erros e a falta de documentación. Esta presentarse na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) a través do procedemento Alegacións e irá dirixido á Escola Aberta de Formación Permanente.

Revisadas as alegacións pola Comisión de Estudos Propios, a Escola Aberta de Formación Permanente publicará a proposta de resolución definitiva de axudas concedidas e denegadas no Taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VII. OBRIGAS

Os dereitos de explotación da propiedade intelectual dos materiais resultantes dos Conceptos I e II será cedida á Universidade de Vigo, e as actividades de difusión deberán ser difundidas en streaming e/ou gravadas co obxecto de estar dispoñibles para toda a comunidade universitaria. O Anexo II denominado Cesión de dereitos de imaxe/voz da persoa e dos materiais didácticos financiados deberá ser cuberto por todas as persoas que participen na elaboración de recursos educativos ou de cursos de autoformación. O



coordinador/a será a persoa que achegará esta documentación á eafp.innovacion@uvigo.es antes de recibir o pagamento da axuda.

Os materiais xerados a partir destas axudas pasarán a formar parte dun espazo virtual da Universidade de Vigo e serán de acceso aberto.

As solicitudes de autorización de gastos elixibles produciranse entre o período de adxudicación aos beneficiarios/as e o 1 de outubro de 2022 e serán enviadas á Área de Formación e Innovación Educativa (eafp.innovacion@uvigo.es) para a súa tramitación.

Os gastos executaranse entre o período de adxudicación aos beneficiarios/as da convocatoria e o 15 de outubro de 2022.

Terá que achegar unha declaración xurada de que o concepto elixido non foi imputado a ningunha outra dotación económica. Ademais facilitará os datos para dar de alta á empresa ou persoa no sistema de contabilidade da Universidade de Vigo.

Requirirase a cada coordinador/a que envíe por escrito que os subministros/servizos foron realizados conforme ao establecido á factura antes de proceder ao seu pagamento.

A persoa que coordine o GID terá que enviar a eafp.innovacion@uvigo.es a memoria do Anexo III antes do 15 de novembro. Nela indicárase en que se investiu a axuda da convocatoria. Achegaranse os recursos educativos, cursos de autoformación e gravacións feitas no marco da convocatoria.

VIII. REVISIÓN

Se despois de analizar a memoria do Anexo II existise algunha desviación entre o concepto solicitado e o uso da axuda, a Comisión podería solicitar a devolución da axuda.

IX. CONSULTA DE INFORMACIÓN

Se precisa información sobre esta convocatoria pode solicitala en:

Área de Formación e Innovación Educativa
eafp.innovacion@uvigo.es
986 812 035

X. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou “RXPDP”) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2008, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de tramitar as axudas á divulgación da innovación educativa e formación amparadas pola Resolución reitoral do 8 de febreiro de 2022 pola que se procede á Convocatoria de axudas económicas para actividades formativas e de divulgación 2022.



Coa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria.

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar á persoa responsable de tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) preferentemente a través do procedemento específico SXER-Exercicio dereitos de protección de datos ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficinas de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao correo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

